



ROMANCE GALLEGO

no que se esprica o que significa a aparición do COMETA que se presentou a mediados do derradeiro Setembre hasta mediados de Outubro.

Xa merquei a o Seor Labarta de tinfá seis netos bobos. Xa abranguín prumas a pote nun poleiro de bos polos, e outras mais o Seor Cisneiros doumas, pro por cartos moitos: que ben lle presten por eso.

Pro no está aquí o conto. Entre mentres que un Seor, que he guapo e alertado mozo, poida esgorricharme a tinfá, e anque non me esmiaxe os losos, esgallarme poida as prumas, e un entremés de tolós, este en que estou enredado: pois de esta sorte eu non podo dar conta dos adfesios, que lle brinean nos miolos a o meu compadre o Seor Pedro, que, anque e home que usa zocos, de xúnceras que él escorrégue, que a o símpre vai sendo coido.

Mais boto a conta do próbe, que non recolle carolo, si non porfia co rico e terquía como o porco. E hastra din tamen que o amante, que porfia, non e tolo; anque en loitas de amoríos non sempre vexo bos logros.

Eu solo vou rabañando estas letras a o meu modo, por si me deren premisio, pra non deixar feo e coco a o Seor Pedro nos seus testos: que entre os copeantes eu solo quixen cargar co a encomenda de esquirbirlos ben e todos.

Vou pois apreixando os fios, os que no número outro por un Seor que xa dixen foron mandados a o rolo.

Ainda está alí o Seor Pedro roufello como un miñoto,

de berrar tanto as arengas,
que pormuncía dende o coto
do paleiro, pra que os homes
adeprendan os seus contos.

E coído de min que fala
do COMETA tan pasmoso,
que luceou bay xa noites
aló dónde o Sol e posto.

Pois oídeo, meus Scores,
si sodes algo curiosos:
que poida ser diga cousas,
que non lle mancan os hosos
a ninguem; pro penso compren
si non a todos a moitos
de esta felizada España,
en que os espritos e os corpos
devoño os engoumaron:
os espritos, co os contos
de megallos do outro mundo;
e os corpos, con guerras, choros,
pormunciamientos, trabucos
e Gobernos de pelouro.

E enxérguese ben a Pedro,
anque está de sobra rouco.

—
¡Ou meus veciños e amigos!
¡canto xeme a alma miña,
o cavilar solamente
que hei de encontrarme na vida
na ocasión de espricarvos
qué o COMETA significa!

Deixáradesme ir pra terra,
pra que as miñocas as tripas
e os hosos me esfuracasen
e me sugasen axiña,
sin poñerme hoxe no aperto
de espricar o que adiviña
a presenza do COMETA,
que entre as estrelas xira
e vos enche o eu de medo,
pro a min me dera risa,
si non fora que eses medos
non son bos pra o pran da vida
de vosoutros, sinon de outros,
que engordan, folgan e brincan
cos medos dos demais homes,
que a o dereito non maxinan.

¡As frebas todas me freman!
¡do serro do lombo a espiña
roxé aló dentro, e os ollos
de vágoas sin conto me hinchán,
e o meu alento, crebado,
salta a tombos da barriga,
cando penso nas laeciras,
si cavilo nas desdichas,
que causaron certos homes,

dende que o MUNDO homes cria...
cos medos: sempre cos medos:
sempre esmuniñcando a vida!

Eu ben sei que os netos de Eva
graus apertos pasarían,
véndose na bola, MUNDO,
como da noite pra o día,
sin saber si o Louro e Pranta,
si as Auguas de arriba as guindan,
ou si o Can e hirmau do Gato,
ou si o Mico a o Home imita:
e estoncec, quen mais mentise
home sabiñdo sería,
e co seu afrevemento
a outros homes triparía,
moito mais si era un herexe,
que a Dios no embuste mefia.

Estoncec, si o lume andaba
moi rasbeiro, a o son da brisa,
e non erguía dereito;
ou si os paxáros subían
pra o norte, ou pra o travesío,
pra o solano, ou mediodía;
ou si as estrelas roxaban;
ou estaban quedas, ou iban
de un canto pra outra banda;
ou si a LUA se movía;
e si matando animais,
nos altares que facían,
a o Autor do Universo
así o alomiñarian,
estas cousas noutros tempos,
nas maus de homes de herexía,
poideron darlles infruxo
amorcando mentiras
co as mullerés; cos meniños
e demais xentes senciltas,
con pernósticos de anuncios
do que Dios solo sabía,
xismando sustos e medos
de espritos e bruxerías.

Estó pase naquel tempo,
porque fora loquería
querer que non haxa embustes
nunca, en toda a nosa vida.

¡Pro, decir que aínda hoxe
se vexan e se consintan
faranduladas, que as Cencias
esmendrellan cada día...!

¡Ay canté! si solo houbera
os medos que de xusticia
debemos ter dos peccados,
con que luxamos a vida
pra pouquiño a pouco irnos
poñendo a conciencia limpa...!

Por decontado, Dios mesmo

como estábamos en M,
mostráronnos ben a vista:
si o MIXBO estivera en F,
mello mellor se vería:
pra estando no punto S,
velo o SOL non deixaría:
e carreirando na L,
veríanolo moito arriba.
Despois foise renegando,
pra ir seguindo a súa línea,
que lle encomendou Dios sabio:
e caído en X cerría,
xa se iba vendo pouco,
e en X xa non se vía.

Decídeme agora, amigos,
xa que un COMETA de día
co o SOL non poñamos velo,
e sendo de noite, brilla,
estará en razón ben posto
que digamos significa
que ha de haber famas ou guerras,
sendo así que o pobre XIRA
dende o encómezo dos sigrós,
carreirando na súa línea,
conforme Dios lle mareou
e segun a Dios convida?
Deixemos de ser tan bestas:
demos coeces a as mentiras.

Os COMETAS teñen plazós
de aparecer nos a vista.
Algun faeda tres mil anos:
outros vense mais axiña.

Pra os peligros verdadeiros
son si algun sale da línea:
o MIXBO estóncas en cachos
no espacio se esporeiría.
Mais isto e pra os escolantes
que estudian Astronomía:
e eu non penso asustarvos:
diréivos solo de prisa,
porque quero acabar logo:

Si vou regar a cortiña,
e cunarei con Xulian Vazquez,
zserá razón pra que diga,
porque houbese nóbító tempo
que a Xulian no no vía,
que iba a entrar a frida de ollo
co meu gaudo en aquel día?
zqué teu que ver Xulian Vazquez
con toda a facenda miña?

Sempre direi que os Góvernos
son os causantes da mingua,
e ando a os puebros pó-los ollos
meten feixes de mentiras.

Quen compon na triste España
o Góverno hoxe no día
e unha xuntanza de Seores
que unha idea ten bohita.
Ser de un Circo estes Seores
por estrusia ou sin malicia,
que estorbou que a España estea
mais adiantada e mais rica,
e agora vir propoñendo
un trato cos que querían
vái por vinte e cinco anos
guindar moxigaterías,
e arrincar podres raigolos,
comechas e demasías
que nos deixaron os sigrós,
vir propoñendo (decía)
que se arrepinten do feito,
e que medarán de vida,
e unha cousa esta, amigos,
merecedora de estima.

Eu por mim deixo esqueneirme
das salvaxes inxusticias,
que o Circo dos moderados
fixo pra sostér a vida.

Esquénzome da POSDATA
e das suas gorxerías
e bastra das suas estampas,
que o ben criado non mira.

Esquénzome das parólas
de PAZ, ORDEN E XUSTICIA,
que foron rédes douradas,
pra, como lobos, encima
botarse dos demais homes
con crueldade tan non vista,
que ganaron nela a UN PEDRO:
e na moína a OS XESUYTAS.

Esquénzome, en fin, de todo,
porque no me chega o día.

Odonel, no hay que ABRECUAR:
nas leises decote estriba:
faite forte co a razón:
e anque ouvén, lí AFINCA:
e si adoeceen algans,
lí AFINCA mais: lí AFINCA.

Pra agora o que mais compre,
eleueiós eraras e limpas:
quen boligon, non debedo.
jou de ti, si no o castigas!

¡MIRA QUE OUVESERVES QUE DIGO!
¡PRA OS MEUS MOITOS ANOS MIRA!

E mantéen por algun tempo
a Odonel, SABELIÑA:
porque, pra comer o nabo,
compre sazón, vida miña

M. Fernández M.